

DOAZÓN DE ÓRGANOS



No mes de Marzo Antonio do Anjos Machado e Janira Freitas Toro acollían con moito interese o *II concurso de debuxo e lemas para escolares* relacionado coa doazón e os transplantes.

A titora de 6º aproveitou para

introducir unhas sesións formativas respecto á doazón e trasplante de órganos, achegando ao alumnado ao coñecemento de que hai

persoas que, ante a deteriorización irreversible de determinados órganos, necesitan un transplante como única solución para seguiren vivindo; e outras moitas precisanno para poderen melloralá súa, moi



deteriorada, calidade de vida. Ademais de facilitar a creación de ideas e propiciar o desenvolvemento da imaxinación do alumnado para o concurso, cumpíase o obxectivo de que os nenos

saíban que case todos os órganos e tecidos se poden doar, e que despois de falecido xan non nos serven para nada; sen embargo, si poden salvala vida de varias persoas e mellorar a calidade de vida de moitas outras.

¡Mirade as creacións que mandamos ao concurso! Ledé os lemas e contemplade os debuxos. ¡Seguro que vos gustan!

Aínda que non gañemos o premio, estamos moi ledos pola nosa participación

